

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTADO DA FICHA DE AVALIACIÓN DE FACTORES DE RISCO DE CAUDOFAXIA.

A ficha de avaliación de factores de risco de caudofaxia permite unha análise dos factores de risco presentes nun momento determinado dunha fase produtiva concreta e nunhas condicións específicas de aloxamento.

Debe cumprimentarse unha ficha individual para cada unha das naves que integran a explotación, e para cada unha das fases que se atopen en cada nave. É dicir, si se aloxan femias xestantes e femias en parideira nunha mesma nave, farase unha ficha para as xestantes e outra ficha para as femias que están en parideira.

Debe cumprimentarse polo gandeiro de forma conxunta co seu veterinario de explotación e estar dispoñible para a súa valoración pola autoridade competente.

No caso de que detecte a presenza de factores de risco non controlados, estableceranse medidas correctoras, determinando un prazo de aplicación e de verificación da eficacia destas medidas, recollidos no Plan de acción da explotación.

Ao final da ficha debe constar a sinatura do gandeiro e do veterinario da explotación da que se estea realizando a avaliación de riscos.

Para cumprimentar a ficha de avaliación de riscos deberemos comprobar, como mínimo, o 10% dos currais da nave ou 150 animais nunha mesma fase produtiva, o valor superior.

Os currais deberán elixirse previamente á entrada da nave mediante un plano ou esbozo que inclúa, como mínimo, a zona central e 2 extremos da nave, para non alterar a aleatoriedade da mostraxe e ter unha visión xeral. Nestes currais efectuaranse todas as medidas, observacións e cálculos que se recollan na ficha.

Non se elixen os currais lazareto, nin currais baleiros nin currais que teñan menos animais que o resto, salvo para a valoración do propio lazareto.

1. Información xeral da explotación:

- Os campos NOME DA EXPLOTACIÓN, TITULAR DA EXPLOTACIÓN, CÓDIGO REGA, de acordo cos datos que figuren no rexistro.
- DATA de realización da descrición. Se é unha revisión de descricións anteriores por producirse un cambio significativo na explotación, debe facerse constar.
- CLASIFICACIÓN ZOOTÉCNICA e CUALIFICACIÓN SANITARIA. O que corresponda de acordo coa denominación recollida na normativa de referencia.
- INTEGRADORA. Se se trata de explotacións non integradas, faise constar como “non integrada”

2 . Información sobre condicións da explotación:

- Os puntos deben encherse cunha descrición breve, numérica, se é posible. Se é necesaria unha explicación detallada incluírase no campo “observacións”.

A. Animais avaliados

Os períodos máis propicios para a aparición de brotes de caudofaxia son os momentos de cambios importantes como a transición e o engorde. Aínda que durante a xestación é menos probable tamén debe realizarse análise de riscos durante a lactación, xa que as condicións dos bacoriños durante esta etapa poden condicionar a aparición no futuro de condutas redirixidas. Da mesma forma, as condicións das femias na parideira e durante a cubrición-control (en gaiola), poderán afectar ao seu comportamento respecto das outras femias cando se atopen en grupo.

- Sinalar a cela correspondente á fase de produción na que se atopan os animais avaliados e se están raboteados ou teñen a cola íntegra.
- Nas fases de reposición, transición e engorde, indicar o peso medio dos animais e a explotación de orixe.

(1)	(2)	ANIMAIS AVALIADOS		
		PORCAS EN PARIDEIRAS		
		BACORIÑOS		
		PORCAS XESTANTES		
			Peso medio (kg)	Código REGA explot. orixe
		REPOSICIÓN		
		TRANSICIÓN		
		CEBO		

(1) Animais raboteados

(2) Animais sen rabotear

Nos animais de engorde e reposición deberá realizarse unha avaliación por cada lote e, preferiblemente, en 2 momentos dun mesmo lote e sobre os mesmos animais (transición e final do engorde). En función das sospeitas ou indicios de que detecte o gandeiro, pódese repetir as veces que se crea conveniente para controlar todos ou parte dos factores.

Nos reprodutores, 2 veces/ano en diferentes circunstancias climáticas nas diferentes fases presentes no momento da avaliación: xestantes, en parideira con bacoriños, etc.).

B. Densidade dos currais

Para realizar este cálculo haberá que medir a superficie de chan útil (descontando o espazo ocupado por columnas, comedeiros e bebedeiros e outros elementos que non permitan

utilizar parte do chan), calcular o peso medio dos animais por curral e dividir a superficie de chans útil entre o peso medio dos animais.

Os requisitos de espazo por animal establecidos na normativa, mázense mediante recomendacións da EFSA en relación ás necesidades de superficie, segundo diferentes circunstancias. As maiores necesidades de espazo por animal danse en situacións de calor, nas que os porcos demandan tombarse de lado.

Pode realizarse unha estimación utilizando a fórmula $A = k \times W^{0.67}$, na que “A” é o espazo requirido por porco, “W” o peso vivo e “K” unha constante. Pode atoparse máis información en: <https://doi.org/10.2903/j.efsa.2005.268>.

DENSIDADE CURRAIS	
SUPERFICIE DISPOÑIBLE/ANIMAL	m ² /animal
PESO MEDIO ANIMAIS	kg
¿CUMPRE DENSIDADE NORMATIVA?	contestar si/non

Nos currais de porcos de recría e engorde debe valorarse a situación tendo en conta a variación de peso dos animais ao longo da súa estancia nos mesmos, así como outras circunstancias que afecten á dispoñibilidade ou demanda de espazo polos animais.

C. Materiais de enriquecemento

A ficha contempla por unha banda unha descrición do material que se utiliza en cada fase, e por outra a cuantificación da utilización real que os animais fan dese material. Ofrecense indicacións para facilitar a devandita cuantificación.

MATERIAL DE ENRIQUECIMENTO		
TIPO MATERIAL/MATERIAIS	Detallar qué tipo de material se utiliza	
CARACTERÍSTICAS MATERIAL/MATERIAIS ¹	COMESTIBLE	Contestar si/non
	MASTIGABLE	Contestar si/non
	EXPLORABLE	Contestar si/non
	MANIPULABLE	Contestar si/non
Nº PUNTOS ACESO CURRAL / Nº ANIMAIS		
LOCALIZACIÓN ²		
ACCESIBILIDADE	Contestar correcto/incorrecto	
PERIODICIDADE RENOVACIÓN	Indicar cada canto tempo se cambian cada un dos materiais proporcionados	
ESTADO DE CONSERVACIÓN	Contestar correcto/incorrecto	
HIXIENE	Contestar correcto/incorrecto	
COMPETENCIA	Contestar si/non	

1 COMESTIBLE: o porco debe poder comelo ou cheiralo e/ou o material debe presentar un cheiro e sabor apetitoso, preferiblemente ha de achegar algún beneficio nutricional e dixestivo.

MASTIGABLE: o porco debe poder mordelo; por exemplo, madeira verde ou corda natural.

EXPLORABLE: o porco debe poder fozar con el; por exemplo, serrín ou turba.

MANIPULABLE: o porco debe poder modificar o seu aspecto ou estrutura ou cambialo de lugar; por exemplo, compost de champiñóns

² como cama, en dispensadores, suspendido, no chan, fixado a paredes, outros

Para valorar o nivel de interacción dos porcos co material de enriquecemento ofrecido:

1. Observar os porcos activos durante 2 minutos («tempo de adaptación») estando de pé diante do curral.
2. Contar o número de porcos que están explorando un material de enriquecemento (A).
3. Contar o número de porcos que están interactuando con outros porcos e cos accesorios do curral (B).

NIVEL INTERACTUACIÓN	
(A) Nº porcos que exploran material de enriquecemento	
(B) Nº porcos que interactúan con outros porcos e accesorios do curral	
NIVEL INTERACTUACIÓN	$100A/(A+B) =$ %

- Cando o valor do nivel de interacción co material manipulable sexa inferior ao 18.1%, debe considerarse que o material proporcionado non cumpre en absoluto co seu obxectivo, e que no plan de acción debe contemplarse un cambio nese material e na súa forma de presentación.
- Cando o valor do nivel de interacción co material manipulable sexa superior ao 18.1%, pero inferior ao 86.4% debe considerarse que o material proporcionado non cumpre satisfactoriamente co seu obxectivo, e que no plan de acción debe contemplarse variacións nese material e/ou na súa forma de presentación.
- Cando o valor do nivel de interpretación sexa superior ao 86.4% enténdese que a conduta explotaría dos porcos é satisfactoria.

D. Condicións ambientais

Temperatura, humidade e gases da sala: Efectuar as medidas a nivel da altura da cabeza dos animais. Cando non sexa posible unha medición instrumental, no caso de humidade e gases, atender ás especificacións subxectivas da táboa de valoración de concentración de gases do “Documento sobre a xestión das explotacións porcinas para evitar a caudofaxia”.

CONDICIÓN AMBIENTAI			
TEMPERATURA NAVE		Indicar valor en °C	
VALORACIÓN CONFORT TÉRMICO			
Tremor		Contestar si/non	
Arquexo		Contestar si/non	
Apiñamento		Contestar si/non	
CONCENTRACIÓN GASES	GAS: _____	VALORACIÓN	Indicar sistema de valoración empregado
		MEDICIÓN	Indicar valor
	GAS: _____	VALORACIÓN	Indicar sistema de valoración empregado
		MEDICIÓN	Indicar valor
	GAS: _____	VALORACIÓN	Indicar sistema de valoración empregado
		MEDICIÓN	Indicar valor
	GAS: _____	VALORACIÓN	Indicar sistema de valoración empregado
		MEDICIÓN	Indicar valor
HUMIDADE %	VALORACIÓN		Indicar sistema de valoración empregado
	MEDICIÓN		Indicar valor
MEDICIÓN CAUDAL / VELOCIDADE AIRE			Indicar valor

As respostas “Si” nas valoracións do confort térmico considéranse como indicativas de deficientes condicións ambientais

E. Lazareto

Comprobar que todos os animais que deban estar illados ou en tratamento atópanse no lazareto. Comprobar que animais están separados no lazareto, que lesións ou enfermidades presentan, o número de animais por lesión, se están identificados e se se pode identificar o curral ou lote ao que pertencen. Debería poder identificarse cada animal e os lotes ou currais dos que proveñen.

Comprobar a calidade do lazareto (espazo dispoñible, material manipulable, confort térmico, bebedoiros, comedeiros, calidade da dieta...)

LAZARETO			
DATA ENTRADA	LOTE Nº /IDADE	MOTIVO	CANTIDADE ANIMAIS

Considérase incorrecto a presenza de animais fóra do lazareto cando presenten lesións, feridas, comportamentos redirixidos... ou un número anormalmente alto de animais con patoloxías ou lesións.

F. Estado sanitario

É unha información sobre o estado global sanitario que hai no momento da avaliación. Servirá para poder relacionalo, se é o caso, cun futuro brote de caudofaxia ou con indicios desta durante a observación.

Utilizar rexistros dos tratamentos veterinarios que se están aplicando no momento do control, os rexistros de animais mortos, enfermos ou de lesións detectadas en animais tanto en animais apartados coma nos que non.

ESTADO SANITARIO		
ENFERMIDADE / LESIÓN DETECTADA:	Nº animais afectados	
	En tratamento	Indicar tratamento realiza ou sigue o
	Separación afectados	Contestar si/non
ENFERMIDADE / LESIÓN DETECTADA:	Nº animais afectados	
	En tratamento	Indicar tratamento
	Separación afectados	Contestar si/non

A. G. Alimentación:

Verificar a través das etiquetas dos pensos que a alimentación é a adecuada para a categoría de animais.

Indicar se se fan controis analíticos e verificar que o estado e condicións de conservación é o adecuado (non hai contaminacións, fungos, ...).

Anotar se os bebedoiros e as comedoiras funcionan correctamente. Se se identifica que algúns non funcionan de forma correcta, anotar en observacións.

No caso do acceso á auga, ter en conta que o porco é un animal moi sensible á limitación da auga, tanto sexa por presión baixa, temperatura demasiado elevada, insuficiente número de bebedoiros ou falta de auga.

Recoméndase 1 bebedeiro por cada 10 animais.

ALIMENTACIÓN	
Adecuada á categoría de animal e idade	contestar si/non
Conten aminoácidos esenciais (inclúe Triptófano)	contestar si/non
Realízase control analítico do penso	contestar si/non
No caso de facelo, indicar tipo (toxinas, bacteriano, nutricional, etc.)	
Estado de conservación do alimento	Indicar correcto/incorrecto
Funcionamento das comedoiras	Indicar correcto/incorrecto
Funcionamento de bebedeiros	Indicar correcto/incorrecto
Temperatura agua bebedeiro	Indicar valor e se é valoración subxectiva ou medición instrumental

H. Xenética

XENÉTICA	
Raza / Cruce	Indicar a raza. Híbrido ou liña dos animais
¿Obsérvase agresividade?	contestar si/non

I. Mordeduras

Especifícase o número de animais afectados por curral.

En observacións, indicar os casos nos que un mesmo animal presente mordeduras en varias zonas.

Debería elaborarse un plan de acción específico para a explotación se se aprecian mordeduras en máis do 2% dos animais

MORDEDURAS DE RABO	
APRÉCIANSE MORDEDURAS	contestar si/non
% ANIMAIS AFECTADOS	Animais con mordeduras no curral /número de animais do curral%
% animais lesións puntuación 1	%
% animais lesións puntuación 2	%
MORDEDURAS DE ORELLAS	
APRÉCIANSE MORDEDURAS	contestar si/non
% ANIMAIS AFECTADOS	Animais con mordeduras no curral /número de animais do curral %
MORDEDURAS EN VULVA	
APRÉCIANSE MORDEDURAS	contestar si/non
% ANIMAIS AFECTADOS	Animais con mordeduras no curral /número de animais do curral %
MORDEDURAS NOUTRAS LOCALIZACIÓNS	
APRÉCIANSE LESIÓNS	contestar si/non
INDICAR LOCALIZACIÓN LESIONADA	
% ANIMAIS AFECTADOS	Animais con mordeduras no curral /número de animais do curral %